



## Que tedes que facer para acceder ao viveiro?

1. Unha entrevista persoal coa coordinadora do viveiro.
2. Se a vosa idea é valorada positivamente e non tedes feito o proxecto empresarial, axudaremosvos a madurar a vosa idea e analizar a súa viabilidade para poñela en marcha.

## Contacta con nós

Departamento de Coordinación de Emprendemento

 CIFP Imaxe e Son  
Someso 6  
15008 A Coruña

 981 173 181

 [empredemento@cifp.eis.gal](mailto:empredemento@cifp.eis.gal)

 [www.cifp.eis.gal](http://www.cifp.eis.gal)

Viveiro de  
Empresas  
do **CIFP**  
**Imaxe e Son**  
A CORUÑA



**CIFP**  
Centros  
Integrados  
Formación Profesional

**ESCOLA  
DE  
IMAXE  
E  
SON**

 edu  
emprende

 XUNTA  
DE GALICIA

REDE GALEGA DE VIVEIROS DE EMPRESAS

## Que é o viveiro de empresas?

É un espazo onde desenvolver e poñer en marcha o voso proxecto empresarial. No viveiro podedes desenvolver as vosas ideas, resolver dúbidas e ir acompañados no camiño, non só polo profesorado, senón tamén por todas as organizacións que nos apoian e vos acompañarán nesta nova andaina e experiencia.

## De que servizos podedes desfrutar?

- Asesoramento e apoio no inicio da vosa andaina. Axudaránvos tanto profesorado especializado como asesores externos especialistas na constitución da vosa empresa.
- **Formación** necesaria impartida por especialistas naqueles aspectos que teñades que reforzar, adaptándose ás vosas necesidades.
- Axuda do Departamento de Coordinación de Emprendemento, que estará sempre ao voso carón para seguir adiante e afrontar retos.

## Que instalacións podedes usar?

Seguindo os protocolos establecidos pola EIS podedes usar as instalacións das que dispoñemos (plató de tele e foto, teatro, cabinas de montaxe...) así como os medios técnicos necesarios para que desenvolvades a vosa actividade.



ASESORAMENTO  
FORMACIÓN  
COORDINACIÓN



## Quen pode desfrutar do viveiro do CIFP Imaxe e Son?

- O alumnado matriculado no centro que estea a cursar un dos nosos ciclos formativos.
- O alumnado que finalizara os estudos no centro nos últimos catro anos.

## Canto tempo podedes estar?

Podedes estar dous anos desfrutando das instalacións e do asesoramento, prorrogables un ano máis.

